

IV Concurso de Ilustración

Bases

Coincidindo co día do nacemento de Castela, o 30 de xaneiro celébrase o **Día da Ilustración** (<https://www.diadailustracion.gal>) É unha iniciativa da Consellería de Cultura en colaboración coa Asociación Galega de Profesionais da Ilustración (Agapi). Cada ano é homenaxeada unha figura senlleira da ilustración galega. Nesta ocasión a protagonista é **Lolita Díaz Baliño**.

OBXECTO DO CONCURSO

O obxecto do concurso é celebrar e difundir a ilustración como unha actividade presente no mundo do libro e que acompaña e dá entidade a moitas obras, poñendo como tema sempre unha obra da literatura universal que sexa susceptible de ser debuxada.

1. Participantes

Poderá participar no concurso todo o alumnado do IES A Sangriña.

2. Categorías

1ª Categoría: Alumnado de 1º e 2º de ESO

2ª Categoría: Alumnado de 3º e 4º de ESO e FP básica.

3ª Categoría: Alumnado de Bacharelato e FP

3. Temática e características técnicas das obras:

Nesta ocasión a obra escollida para realizar a ilustración é **Frankenstein ou o Prometeo moderno** de **Mary Shelley**. A ilustración realizarase en formato horizontal ou vertical DIN A-4 (21 x 29,7cm) en papel, podendo empregar a técnica que se considere máis apropiada. Cada alumn@ poderá presentar un máximo de dúas ilustracións.

4. Presentación dos traballos

As ilustracións presentaranse na Biblioteca do centro a través do profesorado/alumnado bibliotecario ou entregándollos a calquera d@s responsables da Biblioteca (David Andrade, María Carneiro ou Beatriz Núñez).

O prazo de admisión das obras estará aberto ata o venres 12 de febreiro de 2021.

Co obxectivo de asegurar a máxima imparcialidade do xurado será preciso que as obras leven escrito un pseudónimo ou lema na parte de atrás e, no exterior dun sobre pechado que acompañará a ilustración. Tamén haberá que indicar nos dous sitios a categoría pola que participan. Dentro do sobre, nun papel, irán os seguintes datos:

Lema ou pseudónimo:

Nome e apelidos d@ autor/a:

Curso:

Categoría:

5. Xurado

Para o ditame dos premios establecerase un xurado formado polo profesorado do centro.

6. Premios

Haberá un premio por categoría e o xurado resérvase a posibilidade de declaralo deserto se así o considerase.

A Guarda, 26 de Xaneiro de 2021